



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ABEGONDO

*Bases da convocatoria Certame Letras Galegas 2026 Concello de Abegondo*

#### **BASES DA CONVOCATORIA CERTAME LETRAS GALEGAS 2026 CONCELLO DE ABEGONDO**

Mediante decreto da Alcaldía aprobáronse as seguintes bases que rexerán o Certame das Letras Galegas 2026:

O Concello de Abegondo considera necesario promover as diferentes manifestacións culturais e fomentar o cultivo destas entre a poboación do municipio, potenciar o uso da lingua galega e promover a literatura galega, así como conmemorar o Día das Letras Galegas e homenaxear a figura de Begoña Caamaño, a quen se lle dedica no ano 2026 o Día das Letras Galegas. Con esta finalidade, o Concello de Abegondo convoca o Certame Letras Galegas 2026. Rexerase polas seguintes bases:

#### **1. CATEGORÍAS E PREMIOS**

O Certame Letras Galegas 2026 Concello de Abegondo establece as seguintes categorías e premios:

##### **Infantil**

- 1.º, 2.º e 3.º premio de Debuxo e Pintura

Os premios na categoría infantil consistirán en premios económicos de 100,00 € (1.º premio), 80,00 € (2.º premio) e 60,00 € (3.º premio).

##### **Primaria**

- 1.º e 2.º premio de Narrativa
- 1.º e 2.º Premio de Poesía

Os primeiros premios na categoría primaria consistirán nun premio económico de 100,00 €.

Os segundos premios na categoría primaria consistirán nun premio económico de 80,00 €.

##### **Secundaria e menores de 18 anos**

- 1.º e 2.º premio de Narrativa
- 1.º e 2.º Premio de Poesía

Os primeiros premios na categoría secundaria consistirán nun premio económico de 100,00 €.

Os segundos premios na categoría secundaria consistirán nun premio económico de 80,00 €.

##### **Adultos**

- 1.º premio de Narrativa
- 1.º premio de Poesía

Os premios na categoría adultos consistirán nun premio económico de 180 €.

##### **Audiovisual**

- Premio especial audiovisual de promoción do galego

Nesta categoría poderán participar todas as idades. Serán admitidas gravacións audiovisuais que enxalcen ou estean relacionados coa promoción da lingua e/ou coa conmemoración do Día das Letras Galegas. Valorarase a orixinalidade, contido didáctico e valor cultural e antropolóxico.

O premio na categoría audiovisual consistirá nun premio económico de 100 €.

#### **2. PARTICIPANTES**

Atendendo ás diferentes categorías, as categorías das persoas participantes serán:

Infantil: alumnado que curse estudos de infantil.

Primaria: alumnado que curse estudos de primaria.

Secundaria e menores de 18 anos: alumnado que curse estudos de secundaria e participantes menores de 18 anos.

Adultos: 18 anos ou máis.

Audiovisual: todas as idades

Para participar deberán cubrir un modelo de inscrición que se facilitará no Concello e que tamén estará dispoñible para descargar na páxina web municipal.

As persoas participante non poderán estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 de la Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nin en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, non poderán ter débedas pendentes e deberán encontrarse ao corrente nas súas obrigas tributarias e fiscais. Para acreditarlo asinarán unha declaración responsable no momento de cubrir a solicitude de inscrición.

### 3. TRABALLOS

Os traballos deberán ser orixinais e inéditos. A lingua utilizada nas narracións e poesías deberá ser o galego. Nos debuxos e pinturas, no caso de levar algún texto, este deberá estar redactado en lingua galega.

Os traballos poden presentarse manuscritos, mecanografados ou formato dixital.

Na categoría secundaria e menores de 18 anos, co fin de fomentar a participación da mocidade, os traballos de narración e poesía poderán ser en formato escrito e en formato audio.

Na categoría audiovisual os traballos deben presentarse en formato dixital.

Valorarase que os traballos fagan referencia a Begoña Caamaño e/ou á obra desta autora, figura homenaxeada no Día das Letras Galegas 2026.

Os traballos serán remitidos ao Servizo de Normalización Lingüística ou ao departamento de Cultura do Concello de Abegondo. Poderán ser entregados persoalmente na Casa do Concello, na Biblioteca e na Aula Lúdica, así como por correo postal no enderezo San Marcos, 1 – 15318 Abegondo. Poderán ser presentados a través da sede electrónica ou por correo electrónico no enderezo [cultura@abegondo.gal](mailto:cultura@abegondo.gal), sempre que o formato do traballo presentado así o permita e isto non impida a correcta valoración da súa calidade artística.

Todos as persoas participantes presentarán xunto co traballo o modelo de inscrición no Certame e a copia do DNI (no caso de menores de idade non é obrigatorio).

### 4. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo para presentar os traballos está aberto ata o día 15 de xuño de 2026 (incluído).

### 5. ENTREGA DE PREMIOS

O acto da entrega de premios será no lugar e data que determine o Concello de Abegondo. O lugar e data do acto será publicado nas redes sociais municipais e paralelamente comunicarase a todas as persoas premiadas a través do número de teléfono de contacto facilitado.

O importe económico será ingresado mediante transferencia bancaria na conta de titularidade do/a participante premiado/a ou da persoa representante. Para isto, o Concello de Abegondo solicitará un certificado bancario.

### 6. CRÉDITO ORZAMENTARIO

Existe dispoñibilidade orzamentaria no vixente orzamento municipal por importe total máximo de 1.420,00 € na aplicación orzamentaria 334/48200 para os premios do Certame Letras Galegas 2026 Concello de Abegondo.

### 7. XURADO

O xurado será designado mediante resolución da Alcaldía. Buscarase a paridade do xurado.

Será valorada a orixinalidade e a creatividade das obras presentadas, así como a calidade literaria e lingüística, a posta en valor do galego, a promoción da lingua que se transmita nos traballos e a posta en valor da figura de Begoña Caamaño e a súa obra.

O xurado poderá declarar deserto algún dos premios, no caso de non considerar suficiente a calidade dalgunha das obras. Así mesmo, o xurado poderá conceder algún accésit, se así o considera, sempre e cando non supoña un incremento no importe total dos premios.

Os membros do xurado deberán formalizar unha acta coas valoracións na que se propoña a concesión dos premios.

O xurado estará facultado para interpretar estas bases e resolver as dúbidas e cuestións que xurdan no concurso.

## 8. DEREITOS

O Concello de Abegondo pasará a ter todos os dereitos sobre os traballos presentados e estes poderán ser editados, impresos e publicados, así como difundidos na páxina web do Concello, redes sociais e outras canles audiovisuais da Internet.

## 9. ACEPTACIÓN BASES

A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases.

## 10. PUBLICACIÓN DAS BASES

As bases do Certame Letras Galegas 2026 Concello de Abegondo serán publicadas na sede electrónica do Concello de Abegondo, na páxina web do Concello de Abegondo, no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña e na Base Nacional de Subvencións.

Abegondo, 13 de maio de 2026

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

## MODELO INSCRIPCIÓN PARTICIPACIÓN CERTAME LETRAS GALEGAS



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

## INSCRIPCIÓN CERTAME LETRAS GALEGAS

**Participante**

Nome e apelidos	
DNI	Data de nacemento
Centro educativo no que cursa estudos	Curso escolar
Enderezo	
Teléfono	Correo electrónico

**Datos da persoa representante (no caso de que o/a participante sexa menor de idade)**

Nome e apelidos	DNI
-----------------	-----

**Categoría na que participa**

- Infantil debuxo
- Primaria
- Poesía
- Narrativa
- Secundaria
- Poesía
- Narrativa
- Adultos
- Poesía
- Narrativa
- Audiovisual

**Declaración responsable**

con DNI núm.

- participante no Certame Letras Galegas 2026 Concello de Abegondo
- representante do/a participante

**Declaro:**

Primeiro. Que non estou incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiario ou percibir subvencións da Administración pública, previstas no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo. Que non teño débedas pendentes e que estou ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Terceiro. Que non son debedor por resolución de procedencia de reintegro de subvención concedida polo Concello de Abegondo.

E para que así conste, para os efectos do artigo 24 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, asino esta declaración.

Abegondo  de  de

*(Signature do/a solicitante ou representante)*

2026/3086